

Estimadas familias do alumnado do IES do Castro:

A ANPA do Instituto convidavos a formar parte da asociación. Soamente dende a participación activa das familias na vida do IES, pódese acadar unha verdadeira comunidade educativa. Unha comunidade onde o traballo do profesorado e a colaboración das familias vaian da man na procura dun desenvolvemento integral dos nosos fillos/as no seu camiño de chegar a ser membros adultos da comunidade.

A ANPA ten que ser órgano de participación das familias como conxunto na vida do IES. Pero para iso é preciso ser verdadeiramente representativos, e iso esixe a vosa participación. Nese obxectivo, queremos mellorar a nosa canle de comunicación interna. Imos fomentar a través do correo electrónico e o uso das TIC un activo intercambio de ideas e información entre as familias asociadas na ANPA, como complemento das xuntanzas e asembleas habituais. Teredes información sobre os consellos escolares, comisións e órganos de xestión do centro nos que a ANPA participe, co obxecto de que poidades participar coas vosas ideas nos mesmos. A vosa asociación na ANPA vos abre a porta á unha participación activa na vida do IES do Castro. Cantos máis colaboremos neste, máis frutífera poderá ser a nosa intervención como pais na vida escolar dos nosos fillos.

O vindeiro **LUNS DÍA 27 DE SETEMBRO ÁS 18:30 HORAS, NO INSTITUTO**, imos ter unha sesión informativa e de debate á que estades convidadas todas as familias, asociadas ou non, na que falaremos daqueles temas que consideredes de interese mellorar no funcionamento da Asociación e do IES.

Esperámosvos. Un atento saúdo.

Asdo. **Xunta Directiva da ANPA.**



.....
FICHA DE INSCRIPCIÓN NA ANPA

CURSO 2010 -2011

Cuota: 12,00 €/curso/familia c.c. ANPA IES O CASTRO (*Caixanova*): **2080 – 0075 – 05 – 0040030897**

	1º Apellido	2º Apellido	Nome
Nai			
Pai			
Titor			

Nome dos alumnos/as:

_____ Curso: _____

_____ Curso: _____

Enderezo familiar: _____

Teléfono/s de contacto: _____

E-mail (lexible:!!!MOI IMPORTANTE !!!) : _____

En _____ a _____ de _____ de 201__

Asdo. _____

Depositara no Buzón da ANPA no IES xunto con unha copia do resgardo do ingreso no banco